

Resolución do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), pola que se aproba a guía de ordenación produtiva da aldea modelo de Pedrosa (Riós - Ourense), se integran cautelarmente na aldea modelo e se incorporan preventivamente ao Banco de Terras de Galicia determinadas parcelas.

Procedemento: Proxectos de mobilización de terras e fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo.

Expedientes: AM-21-01.

I.- ANTECEDENTES.

1. Os proxectos de mobilización de terras e de fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo réxense polo disposto nos artigos 47 bis, 47 ter e 47 quater da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

Por acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), foi declarada a seguinte zona de actuación para a aplicación dun proxecto de mobilización de terras (proxectos de mobilización de terras ou fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo), denominada abreviadamente "aldea modelo":

| Nº Expediente | Denominación | Data de aprobación |
|---------------|--|--------------------|
| AM-21-01 | Zona de actuación para a aplicación de proxecto de aldeas modelo para a aldea de Pedrosa, no concello de Riós (Ourense), CVE 2XD5DevTM1 verificable en https://sede.xunta.gal/cve . | 21.05.2021 |

2. De conformidade co previsto no artigo 47 quater 2 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, iniciouse a elaboración e someteuse a información pública, entre outros, o borrador de guía de ordenación produtiva da citada aldea modelo, mediante anuncios que se publicaron no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de anuncios dos respectivos concellos e na páxina web da Agader:

- Acordo de información pública: 24 de febreiro de 2022, acordo da Dirección Xeral da Agader, CVE b4ewEYrYQMM9 verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>.

- Diario Oficial de Galicia: 14 de marzo de 2022.

- Taboleiro de anuncios do concello: 2 de marzo de 2022, segundo certificado do concello expedido o 5 de abril de 2022, código de validación HASH:e676994e28ed8cd59113c2c97c896fd5 verificable en <https://concelloderios.sedelectronica.gal/>

- Páxina web da Agader: 14 de marzo de 2022, segundo certificado da Agader expedido pola secretaria xeral o 20 de maio de 2022, CVE LHC31jISXTQ1 verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>.

3. Non se presentaron alegacións.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





II.- CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. Réxime xurídico aplicable.

Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

2. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro) como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (artigo derogado pola disposición derogatoria 1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no sucesivo "Lofaxga").

Ten a condición de entidade pública instrumental do sector público autonómico e de medio propio e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co disposto no artigo 47 en relación co artigo 45º a) da Lofaxga.

Da disposición transitoria terceira da Lofaxga derívase que as normas de organización e funcionamento da Agader deberán adecuarse ao disposto nesta lei para as axencias públicas autonómicas.

A disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras (DOG núm. 206, do 26 de novembro), atribúe o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), de conformidade co disposto na disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, na súa redacción dada pola disposición final terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

3. A Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro) modificou a redacción do artigo 47 ter da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, engadiu o artigo 47 quater, derogou as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nela (disposición derogatoria única 2) pero non estableceu un réxime transitorio dos procedementos en curso. Debendo de acudirse ao Código Civil estatal, en particular o seu artigo 2.3 (As leis non terán efecto retroactivo se non dispuxeren o contrario, en relación co artigo 9.3 da Constitución, que incide sobre a esixencia de seguridade xurídica e prohíbe a retroactividade, entendida como a incidencia da nova lei nos efectos xurídicos xa producidos de situacións anteriores) e 3.1 (As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e legislativos e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas).

Debemos lembrar que o principio da irretroactividade, aséntase en «os desexos de certeza e seguridade xurídica e o respecto dos dereitos adquiridos e ás situacións xurídicas beneficiosas» (sentenza do Tribunal Supremo do 30 de maio de 1984), o que supón que a interpretación das normas de dereito transitorio ha de realizarse en sentido restritivo. Agora ben, o Tribunal Constitucional, en Sentenzas do 10 de abril de 1986 e 29 de novembro de 1988), limita o alcance do principio de irretroactividade, ao sinalar que «non hai retroactividade cando unha lei regula de maneira diferente e pro futuro situacións xurídicas





creadas e cuxos efectos non se consumaron, pois unha norma é retroactiva, para os efectos do art. 9.3 da Constitución, cando incide sobre relacións consagradas e afecta a situacións esgotadas, xa que o que prohibe o artigo citado é a retroactividade, entendida como incidencia da nova Lei nos efectos xurídicos xa producidos de situacións anteriores, de xeito que a incidencia nos dereitos, en canto á súa proxección cara ao futuro, non pertence ao campo estrito da irretroactividade». No mesmo sentido o Tribunal Constitucional (sentenza do 4 de febreiro de 1983) di que o «principio da irretroactividade non pode presentarse como defensa dunha inadmisíbel petrificación do Ordenamento Xurídico. Con rotunda claridade pronúnciase a sentenza do 16 de xullo de 1987, ao establecer que «a prohibición da retroactividade só é aplicable aos dereitos consolidados, asumidos e integrados no patrimonio do suxeito, e non aos pendentes, futuros e condicionados ou ás expectativas». Posteriormente a doutrina xurisprudencial distinguiu entre dous tipos de retroactividade: A retroactividade propia, auténtica ou de grao máximo, sendo aquela que supón a aplicación da nova normativa a situacións xa xuridicamente consolidadas, que anuda "efectos a situacións de feito producidas ou desenvolvidas con anterioridade" á súa entrada en vigor, cando incide sobre os "efectos xurídicos xa producidos" de situacións xurídicas nadas baixo a norma anterior, ou "situacións esgotadas" conforme á lexislación antiga; e a denominada retroactividade impropia, sendo a "incidencia nos dereitos, en canto á súa proxección cara ao futuro", ou sobre "situacións ou relacións xurídicas actuais aínda non concluídas".

A STC 126/1987, do 16 de xullo vén sinalar dita distinción claramente, ao establecer a maneira de 'superar' a imposibilidade de aplicar os efectos retroactivos «entre aquelas disposicións legais que con posterioridade pretenden anudar efectos a situacións de feito producidas ou desenvolvidas con anterioridade á propia Lei e as que pretenden incidir sobre situacións ou relacións xurídicas actuais aínda non concluídas. No primeiro suposto -retroactividade auténtica-, a prohibición da retroactividade operaría plenamente e só esixencias cualificadas do ben común poderían imponse excepcionalmente a tal principio; na segundo -retroactividade impropia-, a licitude ou ilicitude da disposición resultaría dunha ponderación de bens levada a cabo caso por caso tendo en conta, dunha parte, a seguridade xurídica e, doutra, os diversos imperativos que poden conducir a unha modificación do ordenamento xurídico-tributario, así como as circunstancias concretas que concorren no caso»

Aplicada a interpretación realizada polo Tribunal Constitucional á retroactividade que emana da Sentenza do Tribunal Supremo do 11 de setembro de 2019, supoñería que nos atopariamos ante unha retroactividade impropia, salvable a condición de que se realice unha ponderación de bens, tendo en conta, dunha parte, a seguridade xurídica e, doutra, os diversos imperativos que poden conducir a unha modificación do ordenamento xurídico, así como as circunstancias concretas que concorren no caso.

Tendo en conta que nos procedementos que nos ocupan estamos ante situacións ou relacións xurídicas aínda non concluídas, non téndose producido efectos xurídicos, e que non se causa prexuízo a terceiros, procede concluír que ou non hai retroactividade, por canto coa nova redacción do artigo 47 ter e a introdución do artigo 47 quater se regula de maneira diferente e pro futuro situacións xurídicas creadas e cuxos efectos non se consumaron, ou hai unha retroactividade impropia, e que, en todo caso, se debe de reaxustar a tramitación dos procedementos en curso aos novos mandatos legais.

4. Os artigos 47 bis, 47 ter e 47 quater da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, regulan o procedemento administrativo a seguir nos proxectos de mobilización de terras e nos procedementos para o fomento da mobilización de terras a través do programa





de aldeas modelo. En todo o non regulado nelas estarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por aplicación da súa disposición adicional primeira.

5. O artigo 47 quater da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, dispón que "2. Os borradores de guías de ordenación produtiva serán sometidos a un trámite de información pública polo prazo dun mes mediante anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de anuncios do concello en que se sitúe a aldea e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, onde estará dispoñible toda a documentación. Concluído o trámite de información pública, avaliaranse todas aquelas alegacións presentadas e incorporaranse, se for o caso, as modificacións procedentes no contido do borrador da guía de ordenación produtiva. 3. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, concluída a tramitación anterior e por proposta da persoa titular da súa dirección xeral, aprobará a guía de ordenación produtiva. A dita aprobación será publicada no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos dos concellos onde se sitúe a aldea modelo e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural".

6. O artigo 47 bis 6 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, dispón que "Os predios que, estando incluídos nos perímetros sinalados no número 1, se atopen en proceso de investigación da titularidade ou respecto dos que resulte imposible identificar a persoa propietaria, ou que pertencen pro indiviso a varias persoas entre as que non exista acordo sobre o destino que se lles deba dar a estes, ou estean declarados como de propietario descoñecido, integraranse cautelamente no respectivo proxecto de mobilización de terras, respectando en todo caso os dereitos das persoas titulares".

E o artigo 47 quater 1 b) do mesmo corpo legal dispón que as guías de ordenación produtiva conterán "A relación das parcelas incluídas no perímetro e das parcelas excluídas e as súas causas de exclusión, así como a relación das parcelas cuxas persoas titulares non fose posible localizar, de acordo coa certificación do concello, que poderán ser incorporadas preventivamente ao Banco de Terras de Galicia, segundo o disposto no artigo 47 bis"

No borrador de guía de ordenación produtiva incluíronse aquelas parcelas que baixo a denominación de "descoñecidos", se integran cautelamente no proxecto de mobilización de terras e se incorporarán preventivamente ao Banco de Terras de Galicia.

7. Competencia.

O artigo 8.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público dispón que "Se algunha disposición atribúe a competencia a unha Administración, sen especificar o órgano que debe exercela, entenderase que a facultade de instruír e resolver os expedientes corresponde aos órganos inferiores competentes por razón da materia e do territorio. Se existe máis dun órgano inferior competente por razón de materia e territorio, a facultade para instruír e resolver os expedientes corresponderá ao superior xerárquico común destes".

De conformidade co artigo 47 quater 3 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, o órgano competente para a aprobación da guía de ordenación produtiva, por proposta da persoa titular da dirección xeral, é o Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do acordo do Consello de Dirección da Agader do 23 de xuño de 2020, publicado por Resolución do 30 de xuño de 2020 (DOG nº 136 do 9 de xullo).



Por todo o exposto, INFORMO a proposta da seguinte resolución:

1. De conformidade co disposto no artigo 47 quater 3 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, aprobar a guía de ordenación produtiva da aldea modelo de Pedrosa (Riós - Ourense), CVE xKRA79AP5Dj5, TFuwpUqlf8D1, verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>, e publicar dita aprobación no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos do concello onde se sitúe a aldea modelo e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
2. De conformidade co previsto no artigo 47 bis 6 e artigo 47 quater 1 b) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, integrar cautelarmente na aldea modelo e incorporar preventivamente ao Banco de Terras de Galicia as parcelas que baixo a denominación de "descoñecidos" figuran na guía de ordenación produtiva.

Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 6 e seguintes e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da resolución ou acto administrativo. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Notifíquesele/s á/s persoa/s interesada/s a resolución, en cumprimento do disposto no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
O subdirector de Mobilidade de Terras.
Alejandro Ignacio Sánchez de Dios.

PROPOÑO, de conformidade co informe.
Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
A directora xeral da Agader.
Inés Santé Riveira.

RESOLVO, de conformidade coa proposta.
Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección.
P.D. (Acordo do 23 de xuño de 2020, publicado por Resolución do 30 de xuño de 2020, DOG nº 136, do 9 de xullo).
A directora xeral da Agader.
Inés Santé Riveira.